

**Á DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

ASUNTO: ALEGACIÓN CONTRA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA, PROXECTO DE EXECUCIÓN E DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA, DO PARQUE EÓLICO COTO DE EIRAS, PROMOVIDO POLA EMPRESA PUENTENGASA COTO DE EIRAS II, S.L. NOS CONCELLOS DE FORNELOS DE MONTES E MONDARIZ.

.....con D.I. e enderezo a efectos de notificación en,.....

,téndose decatado de que no DOG do 13 de abril de 2012 publicase a “RESOLUCIÓN do 6 de marzo de 2012, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que implica, o estudo ambiental e a solicitude de acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica das instalacións referidas ao Parque Eólico Coto de Eiras, nos concellos de Fornelos de Montes e Mondariz (Pontevedra) (expediente IN661A 2011/16-4”, formula a seguinte **ALEGACIÓN:**

1.- O proxecto de aproveitamento eólico que se presenta afecta ao espazo natural coñecido como Monte Maior, que inclúe o seu outeiro de maior altura, de nome Cotodeira, O río Alén, afluente do Tea que é o límite natural do Monte Maior polo leste, xa forma parte da **Rede Natura 2000** da Unión Europea, cuxa ampliación está en trámite neste momento e previsiblemente inclúa a meirande parte do Monte Maior afectada por este proxecto de aproveitamento eólico. (Unha idea da riqueza natural que garda o monte maior queda documentada no **Anexo I** desta alegación)

2.- O Monte Maior acolle, asemade, un extraordinario **patrimonio cultural de carácter arqueolóxico e etnográfico**. Así na parroquia de Gargamala existe un conxunto de ducias de petróglifos excepcionais (protexidos polo artigo 40.2º da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e recentemente catalogados pola Consellería de Cultura e Deporte) e un foxo do lobo que carece de protección legal. Igualmente dentro deste ámbito figuran xacementos arqueolóxicos como a Fonte Santa, o Castro de Erbededo, o Castro de Sabaxáns⁴ Castro do Chouso ou os círculos líticos de Valongo. Ademais a parroquia de Sabaxáns, concretamente o lugar coñecido como Chan da Anduriña, conta co único foxo do lobo duplo que se coñece en Galicia. Neste sentido cómpre recordar que o Plano de xestión do Lobo en Galicia (DOG nº 166 do 29/08/06; PC5) da Consellería de Medio Ambiente aposta por declarar todos os foxos de lobos como Bens de Interese Cultural (BIC), a máxima protección que prevé a Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia para un ben cultural. Tanto o foxo do lobo de Gargamala como o de Sabaxáns están hoxe ademais ameazados por proxectos de aproveitamentos mineiros promovidos por distintas empresas.

3.- O Monte Maior acolle, asemade, un extraordinario **patrimonio cultural de carácter inmaterial**. Todos os días 1º do mes de maio Cotodeira é obxecto dunha peregrinación ancestral. Compre adscribir esta tradición á celebración do equinoccio de primavera, un dos ciclos astronómicos que pautan o conxunto de festividades no mundo rural tradicional.

4.- O estudo ambiental que se somete á información pública esquece a proximidade doutros parques eólicos, concretamente o da serra do Suído, polo que pode entenderse que o **estudio presentado incorre en fragmentación**, feito que invalidaría a obxectividade do estudo ao

desvirtuar a realidade medioambiental do contorno, tal e como xa en diversas ocasión téñense pronunciado tribunais europeos. Nese mesmo sentido pódese entender a omisión de calquera referencia á existencia de canteiras no mesmo Monte Maior nas inmediacións de Cotodeira, ou incluso a existencia doutros proxectos de aproveitamentos mineiros en tramitación, cuxa localización solábase co polígono de actuación delimitado polas coordenadas arriba indicadas.

5.- Apesares da súa ambigüidade, **o estudio ambiental presentado** na tramitación do proxecto que se somete a información pública, recoñece certos impactos ambientais, porén **non concreta para nada ningunha medida que deba aplicarse** para reducir, minimizar ou se fose o caso eliminar tales efectos, quedando estas nun nivel de ambigüidade tal, que invalida calquera suposta proposta de medida correctora.

6.- En ningunha parte de toda a documentación que se somete a información pública, aparece referencia á **vida útil prevista para o parque eólico**, e apesares de que nalgún momento se fala de actuacións de reposición (rexeneración) á finalización do aproveitamento, non aparece ningunha concreción ao respecto nin orzamento de execución de tales actuacións.

7.- O outorgamento de autorización administrativa para esta instalación, abortaría a previsible inclusión deste territorio na Rede Natura 2000 da UE, paso previo ao outorgamento dun nivel superior de protección medioambiental, que contribuíría sen lugar a dúbidas **ao impulso doutras actividades económicas de interese para o desenvolvemento da zona** e especificamente dun sector económico que contou con importante de financiamento público, falamos do proxecto turístico que xira entorno ao complexo termal asentado en Mondariz Balneario, localizado a escasos quilómetros da zona onde se pretende localizar este aproveitamento eólico, cuxo enfoque xeral baseado na pureza e cualidades da auga, iserido directamente nun medio natural privilexiado, o que resulta incompatible co impacto visual e medioambiental que provoca esta actuación localizada na cabeceira da zona de aportes hídrico ás fontes termais.

8.- Que o ámbito onde se pretende instalar o parque eólico (469ha.), definido polas coordenadas UTM, publicadas na resolución publicada no DOG do 13 de abril, que abre este trámite de información pública abrangue unha superficie moi superior á da localización do aerogeneradores, e se solapa con cuadrículas mineiras sobre as que se tramitan tamén autorizacións de aproveitamentos.

Por todo isto SOLICITO:

Que se denegue a autorización administrativa, que non se aprobe o proxecto de execución deste parque eólico e menos aínda a declaración de utilidade pública, a fin preservar os valores ambientais e culturais do espazo definido polas coordenadas UTM citadas no proxecto, por supoñer un impacto ambiental **CRÍTICO** sobre a paisaxe e o patrimonio natural e cultural deste ámbito, sendo totalmente **contraditorio** co establecido pola Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galiza, Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español e Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, Directiva Europea 92/43/CEE, Directiva Europea 79/409/CEE, Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

En , a ... de maio de 2012

Asdo.-

ANEXO 1: O PATRIMONIO NATURAL DO MONTE MAIOR E COTODEIRA (concellos de Fornelos de Montes-Mondariz)

1- AS COMUNIDADES VEXETAIS

A) HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO

Este espazo natural acolle unha superficie catalogada como **“Breixeiras húmidas atlánticas meridionais de Erica ciliaris e E. tetralix”(cód. 4020)**. Estas breixeiras húmidas constitúen un Hábitat Prioritario segundo os anexos do Real Decreto 1193/1998 e o Anexo I da Directiva Comunitaria 92/43/CEE. Acolle tamén unha superficie catalogada como **“Turbeiras ácidas de esfagnos”**, sendo este un Hábitat Prioritario segundo os anexos do Real Decreto 1193/1998. Estas turbeiras constitúen un Hábitat Prioritario segundo os anexos do Real Decreto 1193/1998 e o Anexo I da Directiva Comunitaria 92/43/CEE.

Asemade conta cun terceiro Hábitat Prioritario (incluído no Anexo I da Directiva 92/43/CEE. Trátase do denominado **“Formacións herbosas con Nardus”(cód. 6230)**,e ademais unha superficie catalogada como **“Breixeiras secas” (cód. 4030); “Vexetación casmofítica de pendentes rochosas. Subtipo silícola”, (cód. 8220) e “Pastos pioneiros en superficies rochosas” (cód.8230)** sendo os tres Hábitats de Interese Comunitario segundo o Anexo I: Tipos de Hábitats Naturais de Interese Comunitario para cuxa conservación é preciso designar zonas especiais de conservación, da Directiva 92/43/CEE. A non protección desta superficie contradiría a citada Directiva.

B) OUTRAS COMUNIDADES VEXETAIS

O Monte Maior e Cotodeira ocupa unha superficie onde se asenta unha importante poboación de *Ulex micranthus*, endemismo do S de Galicia e N de Portugal. A non protección deste espazo e a construción dunha canteira ou dun parque eólico danaría gravemente a esta especie neste lugar.

2- A FAUNA

2.1-A NIVEL XERAL

1º) Que a construción dun parque eólico, acarrearía un grave impacto para a fauna, a flora e o ecosistema da zona en xeral.

2.2-A NIVEL ESPECÍFICO

A) A AVIFAUNA SEDENTARIA E ESTIVAL

1º) Que a construción do parque eólico derivaría na invasión do hábitat onde se reproduce unha variada avifauna: *Alauda arvensis*, *Lullula arborea*, *Saxicola torquata*, *Carduelis cannabina*, *Sylvia undata*, *Turdus viscivorus*, *Prunella modularis*, *Alectoris rufa*, *Emberiza cia*, *Carduelis chloris*,... Outras especies ocupan habitualmente este espazo na súa busca de alimento: *Corvus corax*, *Buteo buteo*, *Falco tinnunculus*, *Falco subbuteo*,... *Lullula arborea*, *Saxicola torquata*, *Sylvia undata*, *Prunella modularis*, *Emberiza cia*, *Buteo buteo*, *Falco tinnunculus* e *Falco subbuteo* están incluídas no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas.

Neste enclave, observanse dúas especies de aves consideradas de distribución local en Galicia como son o *Asio otus* e o *Lanius meridionalis*. Destacamos que o lugar acolle a unha poboación moi meridional en Galicia da petiña das árbores (*Anthus trivialis*), especie escasa neste contexto xeográfico. Nas proximidades de Sabaxáns e Gargamala constatouse ademais a presenza estival do miñato abelleiro (*Pernis apivorus*), especie recollida no Anexo I da Directiva 79/409/CEE, de nidificación moi localizada nas provincias litorais.

Ademais, *Asio otus*, *Lanius meridionalis*, *Anthus trivialis* e *Pernis apivorus* están incluídas no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas.

A construción de parques eólicos no Monte Maior ou Cotodeira afectaría a esta especies neste lugar e contradiría a citada Directiva e o citado catálogo.

Constatase que aquí crían tres especies de aves: *Lullula arborea*, *Sylvia undata* e *Caprimulgus europaeus*, que están incluídas no Anexo I: Especies de Aves obxecto de medidas de conservación, da Directiva 79/409/CE e no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas. A construción de parques eólicos danaría a estas especies neste lugar e contradí o artigo número 4 da citada Directiva e o citado catálogo. Nas proximidades de Sabaxáns e Gargamala aniña o falcón pelengrín (*Falco peregrinus*), e a aguiá albela (*Circaetus gallicus*), especies incluídas tamén no Anexo I: Especies de Aves obxecto de medidas de conservación, da Directiva 79/409/CE e no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas.

Outras especies que se reproducen na contorna son o corvo grande (*Corvus corax*) e o tecelán (*Falco tinnunculus*); este último incluído tamén no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas. A construción de parques eólicos no Monte Maior e Cotodeira danaría a estas especies neste lugar e contradí o artigo número 4 da citada Directiva e o citado catálogo.

B) A AVIFAUNA INVERNANTE

No Monte Maior e Cotodeira invernan habitualmente especies como *Anthus pratensis* e *Turdus iliacus*. *Anthus pratensis* é unha especie incluída no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas. Tamén invernan dúas especies de aves: *Falco columbarius* e *Circus cyaneus*, que están incluídas no Anexo I: Especies de Aves obxecto de medidas de conservación, da Directiva 79/409/CE; ademais, *Circus cyaneus* está incluída no Tomo III: especies catalogadas como “vulnerables” e *Falco columbarius* no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas.

A construción de canteiras e parques eólicos neste espazo natural danaría a estas especies neste lugar e contradí o artigo número 4 da citada normativa e o citado catálogo.

C) AS AVES MIGRATORIAS

O Monte Maior e Coto de Eira serven como zona de paso nos desprazamentos migratorios de diversas especies de aves terrestres. Destacamos en especial a elevada presenza de: Lapamoscas cincento (*Muscicapa striata*), pedreiro cincento (*Oenanthe oenanthe*) e lavandeira verde (*Motacilla flava*), as tres especies incluídas no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas. Outras especies observadas durante estes desprazamentos son: Lapamoscas negro (*Ficedula hypoleuca*), petiña común (*Anthus pratensis*), tordo malvís (*Turdus iliacus*), rola común (*Streptopelia turtur*), poupa (*Upupa epops*) e cuco (*Cuculus canorus*). *Ficedula hypoleuca*, *Anthus pratensis*, *Upupa epops* e *Cuculus canorus* son catro especies de aves incluídas no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas.

Tamén obsérvanse nos pasos migratorios prenupcial e posnupcial sete especies de aves: *Milvus migrans*, *Pernis apivorus*, *Hieraaetus pennatus*, *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Asio flammeus* e *Lanius collurio* que están incluídas no Anexo I: Especies de Aves obxecto de medidas de conservación, da Directiva 79/409/CEE; ademais, *Circus pygargus* está incluída no Tomo III: especies catalogadas como “vulnerables” e *Milvus migrans*, *Pernis apivorus*, *Hieraaetus pennatus*, *Circaetus gallicus*, *Asio flammeus* e *Lanius collurio* están incluídas no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas. A construción de canteiras e parques eólicos danaría a estas especies neste lugar e contradí o artigo número 4 da citada normativa e o citado catálogo.

D) OS MAMÍFEROS

No Monte Maior e Cotodeira existe unha interesante poboación itinerante de lobo (*Canis lupus subsp. signatus*) que se considera Especie de Interese Comunitario segundo o Anexo II: Especies Animais e Vexetais de Interese Comunitario para cuxa conservación é preciso designar zonas especiais de conservación, da Directiva 92/43/CEE e que está incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. A realización do proxecto danaría gravemente as poboacións desta especie no lugar polo que se contradí a citada Directiva e o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Aquí habitan as seguintes especies de morcegos: *Rhinolophus ferrumequinum*, *R. hipposideros*, *Myotis myotis*, que se consideran Especies de Interese Comunitario segundo o Anexo II: Especies Animais e Vexetais de Interese Comunitario para cuxa conservación é preciso designar zonas especiais de conservación, da Directiva 92/43/CEE e están incluídas no Tomo III: especies catalogadas como “vulnerables” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas. A construción dun parque eólico neste espazo danaría gravemente as poboacións destas tres

especies polo que se contradí a citada Directiva e o Catálogo galego de especies ameazadas.

E) A HERPETOFAUNA

O Monte Maior e Cotodeira é nunha zona onde habitan as seguintes especies de réptiles e anfibios: *Lacerta schreiberi*, *Chalcides bedriagai*, *Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galganoi*, *Alytes obstetricans*, e *Bufo calamita* que se consideran Especies Animais de Interese Comunitario que requiren unha protección estricta segundo o Anexo IV da Directiva 92/43/CEE; ademáis, *Chalcides bedriagai*, *Chioglossa lusitanica* e *Pelobates cultripes* están incluídas no Tomo III: especies catalogadas como “vulnerables” e *Lacerta schreiberi*, *Discoglossus galganoi*, *Alytes obstetricans* e *Bufo calamita* no Tomo IV: especies catalogadas como “de interese especial” dentro do Anexo I do Catálogo galego de especies ameazadas. Cómpre salientar tamén que moitas delas están catalogadas como especies endémicas do NO da Península Ibérica. A non protección legal deste espazo danaría gravemente ás poboacións destas sete especies polo que se contradí a citada Directiva e o Catálogo galego de especies ameazadas.